



Nacín en Herat (Afganistán) e o meu nome significa "gorrión", pero "son un cordeiro criado para ser devorado."



Os 9 anos intentan casarme por primeira vez: "venden nenas por diñeiro, sen dereito a elixir", "o que pague máis lévase a nena".
Con 16 volven facelo: "repiten que é tempo de venderme".



Fuximos cara a Irán, e atopo un emprego no centro no que me ensinan a ler e escribir. Ali escoito por primeira vez o RAP.



Fago o vídeo "Noivas en venda" que subo a Internet e que ten máis dun millón de visualizacións.



Comezo a escribir e cantar pero... "as mulleres deben manterse caladas porque é a tradición, así son as cousas".

Sonita

Con esforzo e o apoio da organización, "Strongheart", fuxo a EEUU. E aquí sigo, estudando, facendo música e loitando pola miña causa: acabar coa venda de nenas.

"Berro para compensar o silencio na vida dunha muller, berro en nome das feridas profundas do meu corpo, berro por un corpo canso na súa xaula, un corpo que se rompeu baixo o prezo que lle puxedes".